


MEMORIA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

CURSO 2023-24



Archivo Pacheco

IES SANTA IRENE (VIGO)



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. ORIENTACIÓN

2.1. RELACIÓN E COLABORACIÓN CON DIFERENTES ORGANISMOS

- Consellería de Educación
- Consellería de Política Social e Xuventude
- Inspección educativa
- Servizo de Familia e Infancia
- Outros organismos

2.2. TITORÍAS

2.3. ALUMNADO

- Orientación Académica
- Atención a diversidade
- Orientación Vocacional

2.4. ACTIVIDADES PROGRAMADAS DENDE O DPTO. DE ORIENTACIÓN

2.5. APOIO E BENESTAREMOCIONAL DO ALUMNADO



2.6. CENTROS ADSCRITOS

- Reunións
- Xornadas de acollida

3. PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

3.1. Atención á diversidade

3.2. Apoios

3.3. Recursos empregados

3.4. Adecuación da metodoloxía

4. REUNIÓN DO DEPARTAMENTO

5. PROPOSTAS DE MELLORA



1. INTRODUCCIÓN

No *Decreto 120/1998, do 23 de abril polo que regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia* (artigo 7º, apartado b) e na *Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia* (artigo 15, apartado 2º), establécese o regulamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e responsabilízase á xefatura do departamento de orientación da redacción da memoria final de curso, especificando os aspectos mínimos a incluír na mesma.

No *Decreto 324/1996, do 26 de xullo polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria*, e na *Orde do 1 de agosto de 1997, polo que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/96*, fai referencia á memoria final do curso na que se incluírá a memoria do Departamento de Orientación.

Os membros que formaron parte do departamento durante este curso escolar son:

- Xefatura do departamento de orientación

Sonia García Saavedra

- Profesoras de Pedagogía Terapéutica (PT):

Montserrat Iglesias López

Mª Alejandra Penelo González

Galicia Gutiérrez Gantes



- Titor ámbito científico:

Miguel Ángel Meniño Magán

- Titora ámbito lingüístico:

M^a Dolores Méndez Pérez

Atendéronse as demandas das etapas educativas que se imparten no centro do seguinte xeito:

- 12 unidades de Educación secundaria obrigatoria.
- 2 unidades de educación secundaria obrigatoria de adultos.
- 10 unidades de bacharelato.
- 4 unidades de bacharelato de adultos.

Este departamento conta con dous centros adscritos, O CEIP A Canicouva e o CEIP Plurilingüe Pintor Laxeiro. Ambos contan con departamento de orientación.



2. ORIENTACIÓN

2.1. RELACIÓN E COLABORACIÓN CON DIFERENTES ORGANISMOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

- Achega de datos do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo no **DRDADI** (marzo 2024)
- Elaboración do **DRDORIENTA** (xullo 2024)
- **Contratos Programa Incluíu**

INSPECCIÓN EDUCATIVA

- Avaliación e envío de solicitude de **becas** de **Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo**.
15 alumnos/as (Setembro 2023)
- Elaboración e envío dos **Informes xustificativos do alumnado proposto para os Agrupamentos Flexibles**:
39 alumnos/as (Novembro 2023)
- Elaboración e envío das **adaptacións curriculares individuais**.
7 alumnos/as (Decembro 2023)



- Elaboración e envío dos **Informes xustificativos do alumnado proposto para a Formación Profesional Básica en idade de escolarización obrigatoria**

7 alumnos/as (Xuño 2023)

- ★ *Informes psicopedagóxicos totais foron 35 no curso 2023-24.*

SERVIZO DE POLITICIA SOCIAL, FAMILIA E INFANCIA

- Colaboración co servizo de familias e menores na elaboración de **informes e seguimento** do alumnado da ESO o longo de todo o curso (5 informes)

SERGAS

- Elaboración de 17 **informes** de alumnado da ESO para servizos sanitarios e súa posterior **avaliación clínica**.

UNIVERSIDADES

- **Participación no estudo** sobre prevención de **risco suicida VISIA** no contexto educativo, en colaboración co Hospital Álvaro Cunqueiro.
- **Información** a través dos titores/as, da web do centro e do taboleiro do departamento de orientación, das diferentes sesións de orientación académica e portas abertas organizadas polas distintas universidades galegas (Uvigo, USC, UDC...)



- **Charla** do **SIE** da Uvigo sobre o **acceso á universidade e ABAU** ao alumnado de **2º BAC** (régime ordinario e adultos).
- Visita virtual do alumnado de **2º de BACH a Universidade de Santiago de Compostela** nos "Encontros virtuais na zona USC" levados a cabo no mes de febreiro enmarcados dentro do Programa A Ponte.
- Charla do departamento de orientación e a dirección do centro a 2º Bacharelato sobre ABAU, NERTA e acceso a universidade.

COLEXIO OFICIAL DE PSICÓLOGOS DE GALICIA

- **Participación no estudo** sobre prevención de **problemas emocionais** no contexto educativo, en colaboración coa Universidade de La Rioja.

POLICÍA NACIONAL

Plan Director para a Convivencia e Mellora da Seguridade nos Centros Educativos.

2.2. TITORÍAS

- **Información** aos titores/as do **alumnado con necesidade específica de apoio educativo**, características, e estratexias educativas.



- **Xuntanzas** cos **titores/as** durante avaliacións e despois para o seguimento, evolución e problemática diaria que se presentou ao longo do curso.
- **Xuntanzas semanais cos titores de 1º e 2º da ESO** para o seguimento, evolución e problemática que puidera presentar o alumnado ao longo do curso.
- **Estudo, avaliación e intervención** co alumnado proposto polos titores/as durante todo o curso.
- Realización de 35 **avaliacións psicopedagóxicas** para detectar posibles trastornos ou dificultades de aprendizaxe no alumnado
- **Intervención directa** da orientadora co alumno do grupo-clase durante as sesións de tutoría (orientación académica e vocacional, motivación, convivencia, hábitos e técnicas estudo...).
- Traslado de información sobre **materias e recursos didácticos** sobre temáticas a abordar nas sesións de tutoría: técnicas de estudo, resolución de conflitos, habilidades sociais, igualdade de xénero, etc.
- **Reunións** cos **titores/as** de 2º e 3º ESO para realizar **proposta** de alumnado para a **Formación Profesional Básica**.



2.3. ALUMNADO

A comunicación co alumnado realizouse empregando distintos medios:

- **Presencialmente:**
 - Atención individualizada no departamento de orientación.
 - Atención grupal na aula mediante as sesións de tutoría.
 - Consulta de información no taboleiro de comunicacións do Departamento de orientación situado na entrada do instituto (o lado de conserxería).

Orientación Académica

- **Charla motivacional e sobre a normalización da diversidade** a determinados grupos (2ºA, 1ºA, 1ºB...)
- **Charlas de orientación académica e vocacional** a todos os grupos de 3º e 4º ESO e 1º BAC, e do módulo 4 de Educación Secundaria de Adultos (2º e 3º trimestre).
- Realización de **cuestionarios de orientación vocacional**, calidades, e gustos da páxina web "elorienta" aos grupos de 3º e 4º ESO. Entrega tamén de cadernillo de autocoñecemento
- **Charla do SIE** da Uvigo sobre o **acceso á universidade e ABAU** ao alumnado de **2º BAC** (réxime ordinario e adultos).
- **Charla** coas **instrucións** para a **ABAU, NERTA e acceso a universidade**, e o proceso de admisión na universidade



impartida polo director e a orientadora do centro (régime ordinario e adultos)..

- **Atención individualizada especializada e seguimento** os/as alumnos/as que solicitaron orientación persoal, académica ou profesional e que acoden por iniciativa persoal de todos os cursos e niveis, incluídos os do réxime de adultos, ao longo do curso 2023/24.
- Asesoramento individual sobre **TTI** (técnicas de traballo intelectual) **hábitos e técnicas de estudo** ao alumnado que o precisou durante o curso escolar.
- Valoración dos resultados académicos dalgúns alumnos con **baixo rendemento académico** que querían orientación doutras alternativas de estudos ou cursos de formación.
- **Atención individualizada, avaliación, intervención e seguimento** do alumnado proposto polo titor, pola demanda dos pais o pola demanda do propio alumnado ou da xunta de avaliación, na ESO e BAC, tanto réxime ordinario como adultos.
- Participación nas **xuntas de avaliación** para aportar información do alumnado.
- Actualización da información na páxina web do IES respecto a Orientación Académica e Profesional na sección do departamento de Orientación.



Atención á diversidade

Ademais dos apoios individualizados que ofrece o profesorado do grupo-clase para atender á diversidade do aula, as principais medidas de atención á diversidade realizadas no centro durante este curso académico 23/24, foron as seguintes:

- **Agrupamentos**, para reforzo educativo:
 - ✓ **1º ESO** (1ºA e 1ºB)
 - Matemáticas: 10 alumnos/as
 - Lingua Castelá: 9 alumnos/as

 - ✓ **2º ESO** (2ºA e 2ºB)
 - Matemáticas: 10 alumnos/as
 - Lingua Galega: 10 alumnos/as

 - ✓ **3º ESO** (3ºA)
 - Matemáticas: 11 alumnos/as

- **PROA+**, apoio de profesora especialista en Física e Química.
 - ✓ **4º ESO**: Dentro da aula: 8 alumnos
 - ✓ **1º BAC**: Fora da aula: 17 alumnos



- **Apoio profesorado especialistas Pedagogía Terapéutica (PT):**
 - ✓ **1º ESO:**
 - 1 alumna con Adaptación curricular (AC) en Matemáticas.
 - Alumnos/as NEAE e con Reforzos educativos (RE) apoio na aula.
 - ✓ **2º ESO:**
 - 3 alumnos con Adaptación curricular (AC) en varias materias.
 - Alumnos/as NEAE e con Reforzos educativos (RE) apoio na aula.

- **Exención de 2ª lingua estranxeira (Francés):**
 - ✓ **1º ESO:** 4 alumnos/as
 - ✓ **2º ESO:** 7 alumnos/as

- Tramitación de 15 solicitudes de **becas** de ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO (**NEAE**).
- Información e **asesoramento o profesorado** das peculiaridades, características e pautas a seguir co alumnado con TDAH, TEA, protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida, protocolo educativo para garantir



a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero...

- Proposta de alumnado para a **FPB** (Formación Profesional Básica), pendente da publicación do alumnado admitido:
 - 9 alumnos/as de 2º da ESO
 - 7 alumnos/as de 3º da ESO
- Necesidades específicas de apoio educativo (**NEAE**):
 - Necesidades Educativas Especiais: 21 alumnos/as
 - Trastorno de atención ou aprendizaxe: 49 alumnos/as
 - Descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe: 1 alumnos/as
 - Vulnerabilidade socioeducativa: 12 alumnos/as
 - Incorporación tardía ao sistema educativo, condicións persoais ou de historia escolar: 22 alumnos/as
 - Altas capacidades intelectuales: 3 alumnos/as

Orientación Profesional

- **Charlas de orientación académica e vocacional** na ESO e en bacharelato.
- **Charla de orientación académica e vocacional** pola entidade **UNIGOW** para poñer en contacto os alumnos con outros que xa están a estudar ou remataron estudos do interese do noso alumnado.



- Realización de **cuestionarios de orientación profesional** en papel e online a 3º e 4º ESO.
- **Presentación paneis informativos**, espazo Orientación na web e blog de orientación.
 - ABAU: parámetros de ponderación.
 - Información sobre estudos universitarios de grao.
 - Últimas notas de corte 2023 de acceso a universidade.
 - Folletos informativos e mapa da oferta de FP.
 - Información sobre ensinanzas de réxime especial.
 - Información centros de ensino.
 - ...
- Entrevistas individuais co alumnado ao longo de todo o curso sobre orientación académica e profesional.
- **Entrevistas con todos os pais e nais** que foi necesario ou solicitaron orientación, así como os enviados por titores ao longo de todo o curso.
- Asesoramento individualizado sobre **toma de decisións vocacionais** co alumnado de 4º ESO, módulo 4 da ESA e 2º Bacharelato ordinario e adultos.
- Asesoramento individualizado alumnado e familias de 2º, 3º e 4º ESO sobre **FP Básica e os Ciclos de grado medio**.
- Asistencia a **FP INNOVA 2024** con alumnado de 4º ESO.



2.4. ACTIVIDADES PROGRAMADAS DENDE O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN PARA O CURSO 2023/ 2024

CONMEMORACIÓN 25N.

Programa Enlaza Vigo.

Videoconferencia do acto celebrado no Auditorio Municipal de Vigo.

Destinatarios: **4º ESO.**

FORMACIÓN PARA A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA SEXUAL

Programa Enlaza Vigo. Identificación dos distintos tipos de violencia sexual, favorecendo a prevención da mesma.

1 sesión (1er trimestre).

Destinatarios: **3ºESO, 4º ESO e 1º BAC.**

EXPOSICIÓN ITINERANTE ENLAZA VIGO 2023

"Esto tamén é violencia".

Destinatarios: Todos os cursos.

TALLER DE AFECTIVIDADE, SEXUALIDADE

Impartido por CENTRO QUÉROTE +

Destinatarios: todos os grupos de **3º ESO.**



PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS. PROGRAMA NON PASA NADA, PASA ALGO?

Impartido por técnicas do Plan Local de Prevención de Drogodependencias do Concello de VIGO.

Destinatarios: todos os grupos de **1º ESO** e **2º ESO**.

PREVENCIÓN DO ACOSO ESCOLAR

Charla impartida polo Plan Director para a Convivencia e Mellora da Seguridade nos Centros Educativos. Ponte Alerta. Fundación Diagrama.

"Internet e os seus riscos"

Destinatarios: todos os grupos de **1º ESO**

PREVENCIÓN DO ACOSO ESCOLAR

Charla impartida polo Plan Director para a Convivencia e Mellora da Seguridade nos Centros Educativos. Ponte Alerta. Fundación Diagrama.

"Ciberacoso e as súas dinámicas"

Destinatarios: todos os grupos de **1º ESO**



PREVENCIÓN DO ACOSO ESCOLAR

Charla impartida polo Plan Director para a Convivencia e Mellora da Seguridade nos Centros Educativos. Ponte Alerta. Fundación Diagrama.

"Internet e os seus riscos"

Destinatarios: todos os grupos de **1º ESO**

PREVENCIÓN DO ACOSO ESCOLAR

Charla impartida polo Plan Director para a Convivencia e Mellora da Seguridade nos Centros Educativos. Ponte Alerta. Fundación Diagrama.

"Consecuencias do ciberacoso e búsqueda de axuda"

Destinatarios: todos os grupos de **1º ESO**

PREVENCIÓN DO ACOSO ESCOLAR

Charla impartida polo Plan Director para a Convivencia e Mellora da Seguridade nos Centros Educativos. Ponte Alerta. Fundación Diagrama.

"Sensibilización dos riscos de internet e ciberacoso"

Destinatarios: todos os grupos de **2º ESO**



PREVENCIÓN DA CONDUTA SUICIDA

Charla impartida por Alar Galicia.

"Habilidades na vida e conduta suicida"

Destinatarios: todos os grupos de **3º e 4º ESO**

PREVENCIÓN DA CONDUTA SUICIDA

Charla impartida por Alar Galicia.

"Conduta suicida no Bullying"

Destinatarios: todos os grupos de **3º e 4º ESO**

OBRADOIRO DE IGUALDADE DE XÉNERO:

Dentro dos Contratos Programa Inclúe.

Masculinidades Diversas: Propostas sobre a expresión de xénero

Asociación TALENTEA

OBRADOIRO DE FORMACIÓN EN COMPETENCIAS SOCIOEMOCIONAIS

Dentro dos Contratos Programa Inclúe.

Impartido por Asociación ALICCE.

Destinatarios: Todos os grupos de **2º ESO**.



PROGRAMA DE FORMACIÓN EN MEDIACIÓN ESCOLAR

Dentro dos Contratos Programa Inclúe.

Impartido por Asociación ALICCE.

Destinatarios: Alumnado voluntario do **2º da ESO**

PROGRAMA DE FORMACIÓN DE ALUMNADO AXUDANTE DE CONVIVENCIA-Continuación

Dentro dos Contratos Programa Inclúe.

Impartido por Asociación ALICCE.

Destinatarios: Antigos mediadores.

TALLER DE NORMALIZACIÓN DA DIVERSIDADE-INCLUSIÓN

Impartido pola ponente: *Fátima García Doval*.

Destinatarios: todos os grupos de **1º ESO**.

CHARLA SOBRE ORIENTACIÓN EDUCATIVA

Impartida pola orientadora do centro.

Destinatarios: alumnado de 2º Bacharelato que cursa a materia de "Psicoloxía" (régime adultos).



CHARLA DE EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

Charla impartida por voluntarios de Cruz Vermella.

"Saúde sexual"

Destinatarios: todos os grupos de **1º ESO**

2.5. APOIO E BENESTAR EMOCIONAL DO ALUMNADO

- **Acompañamento** individual o longo do curso ao alumnado vulnerable.
- Asesoramento individualizado e grupal sobre empatía e convivencia ao alumando con problemas condutuais.
- **Participación no estudo** sobre prevención de **problemas emocionais** no contexto educativo, en colaboración coa Universidade de La Rioja e o COPG.
- **Participación no estudo** sobre prevención do **risco suicida VISIA** no contexto educativo, en colaboración cos Servizos Sanitarios.

A nivel xeral, dende o centro, activáronse diversos **protocolos**, nos que o Departamento de Orientación colaborou e participamos activamente:

- Protocolo para a prevención e o control do **absentismo escolar** en Galicia (alumnado ESO).



- Protocolo de prevención, detección e intervención do **risco suicida** no ámbito educativo.
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de **identidade de xénero**.
- Protocolo de consenso sobre **TDAH** na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario
- Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con **Trastorno do Espectro do Autismo** (TEA)
- Protocolo para a intervención psicoeducativa da **dislexia** e/ou outras dificultades específicas del aprendizaxe.
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con **altas capacidades** intelectuais.
- Protocolo de atención en **urxencias sanitarias** e atención educativa ao alumnado con enfermidade crónica.

2.6. CENTROS ADSCRITOS

O IES Santa Irene ten como centros adscritos o **CEIP A Canicouva** e o **CEIP Pluringüe Pintor Laxeiro**, ambos contan con orientadora propia do centro, aínda que no CEIP A Canicouva non manteñen unha estabilidade na orientación, tendo os últimos cursos moitas variacións de persoal.

REUNIÓN

- Reunión inicial de coordinación no mes de setembro.



- Reunión para recollida de información sobre o alumnado dos centros adscritos que o curso que ven cursará 1º ESO no IES Santa Irene, para recoller información relevante sobre:
 - Alumnos propostos para exención de 2ª lingua estranxeira.
 - Ficha de tránsito Educación Primaria a ESO (individualizada).
 - Alumnado con NEAE.
 - Información relevante para realizar o correcto tránsito de EP a ESO.

Reunión departamento de orientación IES Santa Irene - Centros adscritos:

- CEIP Plurilingüe Pintor Laxeiro: Xuño 2024
- CEIP A Canicouva: Xuño 2024.

XORNADAS DE ACOLLIDA co alumnado procedente dos centros adscritos:

- CEIP Plurilingüe Pintor Laxeiro: Xuño 2024.
- CEIP A Canicouva: Xuño 2024.



3. PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

3.1. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ANEXO I: Memoria PT 1ESO (Galicia Gutiérrez Gantes)

ANEXO II: Memoria PT 2ESO (Montserrat Iglesias López e M^a Alejandra Penelo González)

3.2. APOIOS

Durante o curso 2023/24 o traballo realizado polas profesoras de PT fíxose a partir da identificación da avaliación inicial, así como cando o solicitaron os profesores, ou a incorporación de novo alumnado ao centro, para ofrecer a resposta educativa máis axeitada a cada un dos alumnos e alumnas das nosas aulas. Acadáronse moitos dos obxectivos traballados e outros moitos están en proceso. Os avances son progresivos e van parellos ás dificultades na aprendizaxe de cada un dos nosos alumnos e alumnas, Un alumno volveu ao seu país e deuse de baixa no centro en xaneiro e outro trasladouse a outra provincia en novembro de 2023.

Destacar que dentro da aula a atención céntrase nun número de alumnos máis elevado que ademais voluntariamente acoden nas horas de lecer a aula de apoio solicitando axuda así como dentro da aula ordinaria.



3.3. RECURSOS EMPREGADOS

Cómpre sinalar que se empregaron os recursos adaptados ás necesidades propias de cada un dos alumnos, segundo os programas de intervención. Os materiais, fóronse adaptando en función da evolución dos alumnos, das necesidades que foron xurdindo e dos obxectivos propostos para cada un deles sempre en coordinación co profesorado das materias.

Empregáronse materiais tales como:

- Fichas para traballar contidos específicos (atención, memoria, razoamento, lectura comprensiva, emocións, expresión escrita, ...) tanto de elaboración propia, como algunhasa seleccionadas de bancos de recursos educativos.
- Material de aula ordinaria para reforzar os contidos propios do curso. Adaptacións curriculares e material de reforzo da mesma editorial co libro de texto de referencia, así como o complemento das feitas por outras editoriais, sobre todo SM e Anaya. Editorial DISMES, especializada en recursos para alumnado con necesidades especiais.
- As novas tecnoloxías como fonte de acceso á aprendizaxe. Empregáronse o PC da aula, así como a pizarra dixital.
- Utilizaron o servizo de préstamo de libros da biblioteca do centro.

3.4. ADECUACIÓN DA METODOLOXÍA



Tendo en conta os obxectivos que se propuxeron, empregouse a seguinte metodoloxía:

- Activa e participativa: onde o alumno é o suxeito da súa aprendizaxe.
- Significativa: seleccionando os obxectivos, contidos e actividades mais relevantes para o alumno.
- Motivadora: Partindo dos intereses do alumno ou tratando de que este colla interese por un tema específico.
- Individualizadora: segundo ás súas necesidades. Secuenciáronse os obxectivos de xeito que fosen alcanzables para os alumnos.
- Socializadora: Favorecendo, en todo momento, as relacións interpersoais.

4. REUNIÓN DO DEPARTAMENTO

Periodicidade das reunións:

- Primeiro trimestre semanais.
- Segundo e terceiro trimestre quincenais.
- A finais do curso.

Temas tratados:

Nas reunións mensuais do departamento tratáronse, entre outros, os



seguintes temas:

- Análise das liñas prioritarias de actuación do departamento que as Direccións Xerais de Centros e Ordenación Educativa sinalan como preferentes:
 - Atención á diversidade.
 - Promoción da convivencia e resolución de conflitos.
 - Optimización da acción titorial e a orientación académica e profesional.
- Desenvolvemento dos CP Inclúe: Alumnado Axudante e Mediación
- Desenvolvemento actividades programadas dende o Departamento.
- Proposta alumnado Formación Profesional Básica.
- Coordinación Centros adscritos.
- Seguimento das AC.

5. PROPOSTAS DE MELLORA

- Dinamización da función Titorial en colaboración do DO:

Engadir reunións semanais / quincenais cos titores de 3º e 4º da ESO, mantendo as que xa se fixeron semanalmente cos titores de 1º e 2º da ESO.



- Concreción e actualización dos documentos mínimos para a potenciaicón da Atención a Diversidade:

Concreción anual do Plan de Atención a Diversidades.

Implementación dos diferentes protocolos de atención a diversidade e traslado da información relevante ao profesorado titor

- Configuración e dinamización do equipo de Convivencia para continuar con Programa de Alumnado Axudante e o equipo de Mediación xa iniciado en cursos anteriores.
- Creación de Comités de alumnado por ámbitos.

En Vigo, a 28 de xuño de 2024

A orientadora

Sonia García Saavedra



ANEXO I: Memoria PT 1ESO (Galicia Gutiérrez Gantes)

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

MEMORIA FINAL PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA Curso 2023- 2024 (IES SANTA IRENE-VIGO)

INDICE

3. PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

- 3.1. Profesores
- 3.2. Apoio
- 3.3. Recursos
- 3.4. Adecuación metodolóxica

3. PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

3.1. PROFESORA: Galicia Gutiérrez Gantes (Profesora especialista en Pedagogía Terapéutica).

Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoios e na avaliación e detección de necesidades. Prestar atención docente directa ao alumnado NEAE. Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende. Asistir ás sesións de avaliación e elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual do alumnado que recibiu apoio.

En canto á intervención directa có alumnado dicir que os apoios realizáronse na aula ordinaria, en pequeno grupo, individualmente ou ao conxunto da aula, segundo as necesidades e o estilo de aprendizaxe que o alumnado requiría.



Realizadas ás avaliacións iniciais pertinentes e tendo en conta a previsión de necesidades do curso 2023/2024 o alumnado recibiron apoio educativo por parte da mestra de Pedagogía Terapéutica o alumnado que se cita a continuación.

PT	Etapas/ Nivel	ALUMNADO NEAE	TIPO DE APOIO	PROMOCIÓN
GALICIA GUTIÉRREZ GANTES	1º ESO	1. Alumno TDAH subtipo inatento	2 sesións APOIO PT (aula ordinaria): X.H. e L.G. (desdobre). AGR.FLEX: MAT e L.C.	SI
		2. Alumno TEA nivel 1. Problemas de conduta	3 sesións APOIO PT (aula ordinaria): X.H., L.C. e L.G. (desdobre). AGR.FLEX: MAT. Cambio de grupo no segundo trimestre.	SI
		3. Alumna repetidora NEAE por condicións persoais e historia escolar	4 sesións APOIO PT (aula ordinaria): X.H., L.C., MAT e L.G. (desdobre). AC: MAT. Exención Francés.	PROMOCIÓN OBRIGADA
		4. Alumna NEAE situación vulnerabilidade socio-educativa e dificultades de aprendizaxe.	3 sesións APOIO PT (aula ordinaria): X.H., MAT e L.G. (desdobre). AGR.FLEX: L.C. Exención Francés.	SI
		5. Alumno	4 sesións APOIO PT (aula	NON



	dificultades de aprendizaxe	ordinaria): X.H., L.C., MAT e L.G. (desdobre) Exención Francés. Retiráronse os agrupamentos.	
	6. Alumna dificultades de aprendizaxe	3 sesións APOIO PT (aula ordinaria): X.H., L.C., e L.G. (desdobre). AGR.FLEX: MAT.	SI
	7. Alumno TDAH fenotipo mixto. Trastorno negativista desafiante	2 sesións APOIO PT (aula ordinaria): X.H. e L.G. (desdobre). AGR.FLEX: MAT. e L.C. Exención Francés.	NON
	8. Alumno TDAH subtipo combinado. TEA nivel 1	4 sesións APOIO PT (aula ordinaria): X.H., L.C., MAT e L.G. (desdobre) Exención Francés.	SI
	9. Alumno TDAH + TC UACO	4 sesións APOIO PT (aula ordinaria): X.H., L.C., MAT e L.G. (desdobre). Exención Francés. Retiráronse os agrupamentos.	NON
	10. Alumno TDAH (control da impulsividade)	4 sesións APOIO PT (aula ordinaria): X.H., L.C., MAT e L.G. Puntualmente apoio en AULA PT	NON
	11. Alumno incorporación tardía.	4 sesións APOIO PT (aula ordinaria): X.H., L.C., MAT e L.G. Exento L.G.	NON



	12. Alumno dificultades a nivel social e condutual.	4 sesións APOIO PT (aula ordinaria): X.H., L.C., MAT e L.G.	SI
	13. Alumna NEAE situación vulnerabilidade socio-educativa e dificultades de aprendizaxe. Absentismo escolar	3 sesións APOIO PT (aula ordinaria): X.H., L.C. e L.G. AGR.FLEX: MAT Puntualmente apoio en AULA PT	NON
	14. Alumna dificultades de aprendizaxe.	3 sesións APOIO PT (aula ordinaria): X.H., L.C. e L.G. AGR.FLEX: MAT.	
	15. Alumno TDAH, TEA, S.Gilles Tourette (moi leve)	3 sesións APOIO PT (aula ordinaria): X.H., MAT e L.G. AGR.FLEX: L.C.	SI

3.2. APOIOS

Durante o curso 2023/24 o traballo realizado pola profesora de PT fíxose a partir da identificación da avaliación inicial, así como cando o solicitaron os profesores, ou a incorporación de novo alumnado ao centro, para ofrecer a resposta educativa máis axeitada a cada un dos alumnos e alumnas das nosas aulas. Acadáronse moitos dos obxectivos traballados e outros moitos están en proceso. Os avances son progresivos e van parellos ás dificultades na aprendizaxe de cada un dos nosos alumnos e alumnas.



De xeito individual a consecución dos obxectivos foi a seguinte:

Alumno 1 de 1º da ESO: Alumno TDAH subtipo inatento. Alumno con moi boa progresión durante o curso. Promociona con todas as materias aprobadas. Hai moito traballo e apoio dende a familia e equipos externos. Para o próximo curso aspectos que ten que traballar é na adquisición de autonomía, xa que é moi inseguro e demanda atención continua do profesorado que se ve incapaz de atendela todas as veces que el o solicita. Tamén ampliar o seu circulo social. É mi sensible e empático. Este curso recibiu insultos por parte dalgúns compañeiros polo que hai que estar pendentes de que non se repitan estas situacións.

Alumno 2 de 1º da ESO: Alumno TEA nivel 1. Problemas de conduta. A nivel curricular dicir que a pesar de ter moitas capacidades de cara a memorización suspende tres materias (Tedi, PrCo, SLEFr) por culpa da falta de planificación. Aínda así promociona. Non entregou tarefas e estivo todo o curso moi desorganizado. A situación familiar aféctalle moito. Foi un curso complicado a nivel de relación cós compañeiros, tivo moitos enfrontamentos e nalgunha ocasión chegando a enfrontamento físico. Acumula numerosas expulsión este curso.

O curso que ven manteranse as medidas de atención educativa.

Alumno 3 de 1º da ESO: Alumna repetidora NEAE por condicións persoais e historia escolar. Alumna con Adaptación Curricular en Matemáticas, o curso pasado estivo en agrupamento pero este elimináronse estes apoios por non aproveitalos. Está exenta de francés. Promoción obrigada con o materias suspensas. Non hai ningún tipo de motivación e non quere estudar. Tivo moitas faltas de asistencia e case a diario chegou tarde. O comportamento foi bo e mellorou a nivel social. Continuará coas medidas de apoio ademais das que propoña o equipo docente despois da avaliación inicial do próximo curso.



Alumna 4 de 1º da ESO: Alumna NEAE situación vulnerabilidade socio-educativa e dificultades de aprendizaxe. Exenta en francés e agrupamento en lingua castelá. En xeral tivo unha boa evolución. Promociona con BiXe suspensa. O próximo curso hai que facerlle seguimento có apoio puntual na aula ordinaria que polo de agora foi suficiente para superar os obxectivos. Pero hai que estar pendentes sobre todo nas matemáticas.

Alumno 5 de 1º da ESO: Alumno dificultades de aprendizaxe. Alumno sen interese de cara o estudo. Ten moito atraso de aprendizaxe e dificultades de atención e comprensión. Aproveitou os apoios puntuais da PT pero os agrupamentos non polo que lle foron retirados. Non hai traballo, nin planificación e practicamente todo o curso asistiu sen material. O comportamento tampouco foi bo e houbo partes e expulsións. Non promociona xa que non acadou os obxectivos en 8 materias. Exento de francés.

Alumna 6 de 1º da ESO: Alumna dificultades de aprendizaxe. Promociona con BiXe suspensa. Falta un pouco de traballo e perde moito atención na aula, está moi ben integrada e o comportamento e bo. En xeral os resultados son bos.

O curso que ven manteranse as medidas de atención educativa.

Alumno 7 de 1º da ESO: Alumno TDAH fenotipo mixto. Trastorno negativista desafiante. Alumno que non promociona por non superar cinco materias. A pesar dos apoios e os agrupamentos o seu traballo e a súa actitude non foron nin bos nin suficientes. Foi un curso moi irregular. A nivel de integración e comportamento na aula dicir que foi normal.

O curso que ven manteranse as medidas de atención educativa.



Alumno 8 de 1º da ESO: Alumno TDAH subtipo combinado. TEA nivel 1. Promociona pero moi xusto. Non supera BiXe e TeDi. Faltou moito traballo este curso e houbo baixada de rendemento dende principio de curso ata a última avaliación. Non acepta ben a axuda e é moi desorganizado. Está nunha actitude na que está moi pendente do seu corpo e a nivel social acabou o curso xuntándose có alumnado que presenta maiores problemas de comportamento.

O próximo curso terá que ser máis organizado e entregar as tarefas. E traballar moito dende o principio. Adoptaranse as medidas de atención á diversidade precisas.

Alumno 9 de 1º da ESO: Alumno TDAH + TC. Intervención coa UACO. Alumno cunha situación familiar moi desfavorable. Non hai seguimento familiar e falta organización, hixiene e asistencia. Ten moitas dificultades de aprendizaxe.

Cando asiste ao centro ven sen material e o atraso curricular é moi grande, non atende, non traballa e ademais ten moi mal comportamento. Acumula partes e expulsións graves. Retiráronselle os agrupamentos flexibles por non aproveitalos.

Non promociona xa que non acadou os obxectivos de aprendizaxe en ningunha materia. Exento de francés.

Alumno 10 de 1º da ESO: Alumno TDAH (control da impulsividade). Alumno con problemas moi grandes de comportamento. Acumula partes e expulsións.

En ningún momento aproveitou o apoio PT aínda que si se mostrou cómodo coa súa presenza. Non hai interese polo traballo nin por aprender e está máis preocupado polos videoxogos e conseguir cartos. Rompeu todo o material e non sabe traballar na libreta.

Non promociona xa que suspendeu todas as materias menos educación física.



Destacar que ten capacidade e bo razoamento pero o que non hai é motivación nin seguimento familiar.

Alumno 11 de 1º da ESO: Alumno incorporación tardía. Alumno con moitísimo atraso curricular. Non aproveitou as clases nin as sesións porque se despistaba e falaba moito. Non lle gustaba ter a axuda da PT. Cando non traballaba ou non facía as tarefas (que foi case sempre) sempre daba voltas e buscou mil escusas.

Foi aceptado e estaba integrado na aula.

Non promociona por suspender seis materias: BiXe, XeHi, LCL, MAT, TeDi, SLEFr. Exento en LGL.

Alumno 12 de 1º da ESO: Alumno dificultades a nivel social e condutual.

Alumno que promociona con bos resultados. Tivo moi boa conduta en xeral. Houbo algún momento de frustración no que a resposta non foi axeitada pero moi puntual.

Có apoio puntual da PT dentro da aula ordinaria é suficiente, sobre todo a nivel de atención e concentración.

Alumna 13 de 1º da ESO: Alumna NEAE situación vulnerabilidade socio-educativa e dificultades de aprendizaxe.

Alumna que non promociona ao non superar cinco materias (BiXe, LCL, Mat, TeDi, SLEFr)

Tivo moitas faltas de asistencia e na aula mostrouse desanimada e desmotivada. Ten atraso curricular e necesita moito traballo para poñerse ao día. Non ten moitas relación cos compañeiros/as da aula. Ten moitas dificultades para expresarse en público. Continuara coas adaptacións e apoios.



Alumna 14 de 1º da ESO:

Promociona a 2º de ESO con BiXe, matemáticas e Lingua castelá suspenso. Ten moitas dificultades e decidiuse que para ela sería mellor promocionar xa que lle da a nota media de 5. Pero o próximo curso deberá prestárselle moita atención. Ten dificultades pero o seu traballo tampouco foi suficiente. A integración na aula cos seus compañeiros e positiva, aínda que é moi tímida e cústalle falar en público.

Continuara coas adaptacións e apoios.

Destacar que dentro da aula a atención céntrase nun número de alumnos máis elevado. Este curso debido aos problemas de comportamento serios presentes nas aulas de primeiro decidiuse organizar apoios tamén na aula específica de PT para maior aproveitamento do alumnado NEAE.

3.3. RECURSOS EMPREGADOS

Cómpre sinalar que se empregaron os recursos adaptados ás necesidades propias do alumnado, segundo os programas de intervención. Os materiais, fóronse adaptando en función da evolución dos alumnos, das necesidades que foron xurdindo e dos obxectivos propostos para cada un deles sempre en coordinación co profesorado das materias.

Empregáronse materiais tales como:

- Fichas para traballar contidos específicos (atención, memoria, razoamento, lectura comprensiva, emocións, expresión escrita, ...) tanto de elaboración propia, como algunhas seleccionadas de bancos de recursos educativos.



- Material de aula ordinaria para reforzar os contidos propios do curso. Adaptacións curriculares e material de reforzo da mesma editorial co libro de texto de referencia, así como o complemento das feitas por outras editoriais, sobre todo SM e Anaya. Editorial DISMES, especializada en recursos para alumnado con necesidades especiais.
- As novas tecnoloxías como fonte de acceso á aprendizaxe. Empregáronse o PC da aula, así como a pizarra dixital.
- Utilizaron o servizo de préstamo de libros da biblioteca do centro.

3.4. ADECUACIÓN DA METODOLOXÍA

Tendo en conta os obxectivos que se propuxeron, empregouse a seguinte metodoloxía:

- Activa e participativa: onde o alumno é o suxeito da súa aprendizaxe.
- Significativa: seleccionando os obxectivos, contidos e actividades mais relevantes para o alumno.
- Motivadora: Partindo dos intereses do alumno ou tratando de que este colla interese por un tema específico.
- Individualizadora: segundo ás súas necesidades. Secuenciáronse os obxectivos de xeito que fosen alcanzables para os alumnos.
- Socializadora: Favorecendo, en todo momento, as relacións interpersoais.



ANEXO II: Memoria PT 2ESO (Montserrat Iglesias López e M^a Alejandra Penelo González)

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

MEMORIA FINAL PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA Curso 2023- 2024 (IES SANTA IRENE-VIGO)

INDICE

3. PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

- 3.1. Profesores
- 3.2. Apoio
- 3.3. Recursos
- 3.4. Adecuación metodolóxica

3. PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

3.1. PROFESORA: Montserrat Iglesias López e M^a Alejandra Penelo González (Profesoras especialistas en Pedagogía Terapéutica). Coordinación co profesorado das materias, os titores, equipo de departamento de orientación así como coa xefatura de estudos do centro.

Etapas/Ciclo/Nivel		Alumnos/as	Tipo de apoio
	2º ESO	1 Alumno con ACI en Lingua Castelá, Lingua Galega,	2 sesións de Lingua Castelá 2 sesións de Lingua Galega



EDUCACIÓN SECUNDARIA		Xeografía e Historia e Inglés	dentro e fóra da aula. 2 sesións de Xeografía e Historia dentro de aula. 1 sesión de Física e Química dentro da aula.
		1 Alumna con ACI en Matemáticas e en Xeografía e Historia	4 sesións de Matemáticas dentro e fóra da aula. 2 sesións de Xeografía e Historia dentro de aula. 1 sesión de Física e Química dentro da aula.



		1 Alumno con ACI en Matemáticas, Lingua Galega, Lingua Castelá, Física e Química, Xeografía e Historia e Inglés.	3 sesións de Lingua Castelá dentro e fóra da aula 2 sesións de Lingua Galega dentro e fóra da aula. 2 sesións de Xeografía e Historia dentro de aula. 1 sesión de Física e Química dentro da aula.
--	--	--	---

3.2. APOIOS

Durante o curso 2023/24 o traballo realizado polas profesoras de PT fíxose a partir da identificación da avaliación inicial, así como cando o solicitaron os profesores, para ofrecer a resposta educativa máis axeitada a cada un dos alumnos e alumnas das nosas aulas. Acadáronse moitos dos obxectivos traballados e outros moitos están en proceso. Os avances son progresivos e van parellos ás dificultades na aprendizaxe de cada un dos nosos alumnos e alumnas.

De xeito individual a consecución dos obxectivos foi a seguinte:



Alumno de 2º da ESO con Reforzo educativo en Física e Química e Adaptación curricular en Xeografía e Historia, Inglés, Lingua Galega e Lingua Castelá (desdobre)

Exento en Francés.

Non Promociona a 3º de ESO xa que non acada os contidos necesarios para elo en 5 materias de 2ºESO e 1 de 1ºESO. Aínda non acada os obxectivos en Lingua castelá tanto en expresión oral coma escrita, a pesar de estar escolarizado en España dende 4º de Primaria. Suspendeu matemáticas, aínda que a súa comprensión da materia e relativamente satisfactoria, ten que mellorar nos procesos.

A integración na aula cos seus compañeiros e positiva.

A proposta do equipo docente é cursar FP Básica, pendentes da resposta da familia, ou no caso contrario terá que repetir 2º ESO.

Alumna de 2º da ESO con ACI en Matemáticas e Xeografía e Historia. Agrupamento Flexible en Lingua Galega e Desdobre na materia de Lingua Castelá.

Exenta en Francés.

Alumna con problemas médicos e incluso hospitalizacións ao longo do curso. Con interese cara o traballo no centro pero case nulo na casa. Non acada os obxectivos en 3 materias.

O curso que ven comezará os estudos de FP Básica despois da proposta do equipo docente e do desexo da familia.

Alumno de 2º da ESO con Adaptación curricular en Matemáticas, Lingua castelá, lingua galega, Xeografía e Historia, Física e Química e Inglés.

Exento de Francés.



Está integrado no seu grupo de clase, aínda que non se relaciona moito cos compañeiros, de feito, cara ao final houbo algún problema con algún deles que fixo que o alumno estivera máis alterado e molesto do normal

Moi boa actitude en clase, pero pouco ou case nulo traballo na casa.

Soamente suspende unha materia (música).

A proposta do equipo docente é de comezar os estudos de FP Básica, decisión aprobada pola familia.

Destacar que dentro da aula o apoio centráse nun número de alumnos máis elevado. Algúns deles por DEA e tamén por algún problema de comportamento.

3.3. RECURSOS EMPREGADOS

Cómpre sinalar que se empregaron os recursos adaptados ás necesidades propias de cada un dos alumnos, segundo os programas de intervención. Os materiais, fóronse adaptando en función da evolución dos alumnos, das necesidades que foron xurdindo e dos obxectivos propostos para cada un deles sempre en coordinación co profesorado das materias.

Empregáronse materiais tales como:

- Fichas para traballar contidos específicos (atención, memoria, razoamento, lectura comprensiva, emocións, expresión escrita, ...) tanto de elaboración propia, como algunhas seleccionadas de bancos de recursos educativos.
- Material de aula ordinaria para reforzar os contidos propios do curso. Adaptacións curriculares e material de reforzo da mesma editorial co libro de texto de referencia, así como o complemento das feitas por outras editoriais, sobre todo SM e Anaya. Editorial



DISMES, especializada en recursos para alumnado con necesidades especiais.

- As novas tecnoloxías como fonte de acceso á aprendizaxe. Empregáronse o PC da aula, así como a pizarra dixital.
- Utilizaron o servizo de préstamo de libros da biblioteca do centro.

3.4. ADECUACIÓN DA METODOLOXÍA

Tendo en conta os obxectivos que se propuxeron, empregouse a seguinte metodoloxía:

- Activa e participativa: onde o alumno é o suxeito da súa aprendizaxe.
- Significativa: seleccionando os obxectivos, contidos e actividades mais relevantes para o alumno.
- Motivadora: Partindo dos intereses do alumnado ou tratando de que este colla interese por un tema específico.
- Individualizadora: segundo ás súas necesidades. Secuenciáronse os obxectivos de xeito que fosen alcanzables para os alumnos.
- Socializadora: Favorecendo, en todo momento, as relación interpersoais.